Rede Social Galicia Sur

A crecente especulación inmobiliaria -impulsada por fondos voitre, vivendas turísticas, pisos non declarados e abusos de propietarios- dificulta cada vez máis que a clase traballadora acceda a un teito. Mentres tanto, as clases acomodadas seguen acumulando vivenda, enriquecéndose a costa de quen ten que pagar prezos desorbitados por falta de outra opción.

Hoxe xa non se constrúen vivendas para seren habitadas; constrúense pensando unicamente na rendibilidade económica e en espremer cada vez máis a quen menos ten. O resultado é unha fenda crecente entre quen posúe unha vivenda e quen apenas pode chegar a fin de mes.

A crise habitacional converteuse nun dos rostros máis visibles da exclusión. Alugueiros desorbitados e prezos inasumibles obrigan a persoas traballadoras a compartir vivenda, endebedarse ou renunciar a un proxecto de vida autónomo. Esta situación golpea con máis dureza á mocidade que ten que compartir piso con descoñecidos ata os 40 anos porque non atopa alugueiros alcanzables, e as persoas que migran, discriminadas no aluguer pola súa orixe.

O problema é estrutural: máis de 21.000 vivendas baleiras mentres centos de familias dormen na rúa ou viven en condicións de amoreamento. Máis de 33.000 vivendas turísticas en Galicia, tantas como persoas demandantes rexistradas, mentres os prezos do alugueiro aumentan sen control e sen unha resposta política á altura, sendo Vigo das cidades onde máis aumentan os alugueiros.

A vivenda é un dereito e precisamos que se garanta. Cumpre desenvolver políticas públicas que garantan o dereito a unha vivenda digna e alcanzable e o cesamento da especulación que expulsa a familias enteiras dos seus barrios. En concreto, esiximos:

- a ampliación do parque público de vivenda empregando os inmobles baleiros xa construídos;

- a Declaración de Zona residencial tensionada e a regulación do alugueiro temporal poñendo freo aos contratos de tempada que precarizan a vida de milleiros de persoas traballadoras.

- a recuperación das prórrogas obrigatorias, porque ninguén debería vivir co medo constante a perder o seu fogar.

- o establecemento dun Programa contra Desafiuzamentos cun protocolo específico de actuación para que toda persoa desafiuzada dispoña dunha alternativa habitacional adecuada pública, no caso de que outra solución non estea dispoñible, garantindo así unha vivenda alternativa a persoas sen recursos

- a atención real ás persoas sen fogar: eliminando os límites temporais de estancia nos albergues e ampliando as prazas estables

- o aumento das partidas orzamentarias destinadas: ao programa de intermediación do alugueiro, ás axudas á rehabilitación co fin de mobilizar vivendas cara ao mercado do alugueiro, ás axudas para emerxencias.

TER UN TEITO É UN DEREITO!!